



Hai realidades capaces de embeber múltiples dimensións e de facérense presentes en todas elas de maneira moi intensa e variada. A polarización é unha delas.

Dun tempo a esta parte crecen as tensións ideolóxicas, políticas, sociais e afectivas. Os espazos centrais minguan e cada día turran máis os extremos. Non hai apenas matices nin posibilidade de matizar sen facerse sospeitoso de estar a cambiar de bando. Esíxense militancias claras. Pensamentos definidos. Apoios incondicionais. Localizacións ben identificables. E, sobre todo, a sinalización de adversarios ou inimigos cos que un non quere ter ningún tipo de contacto. Nin saber nada deles. Porque non o necesita. Porque xa o sabe todo. Porque achegarse, contactar, falar e dialogar é síntoma de debilidade nas conviccións, de compadreo indecente, de falsidade moral. O eloxiable é a confrontación, a trincheira, o espírito sempre belixerante e reticente ante calquera tipo de claudicación.

Encrucillada quere facernos pensar a polarización. Por iso nos ofrece neste número tres estudos que nos introducen no fenómeno.

Sebastián Mora Rosado estuda a polarización dende un punto de vista sociolóxico. Pregúntase polas súas causas e diferencia entre a polarización ideolóxica, afectiva e social.

Jesús Martínez Gordo achégase á polarización na Igrexa. O seu estudo sitúase no marco do sínodo sobre a sinodalidade e aterra a súa reflexión sobre a moral sexual e, máis aínda, sobre a homosexualidade.

Quen isto asina ofrece un estudo sobre a polarización en relación coa reforma do papa Francisco. Coa axuda dos catro criterios que, segundo Ives Congar, deben orientar toda verdadeira reforma da Igrexa, analizo as polaridades internas que estamos a vivir neste tempo de cambio.

Manuel Dios e Ramón Cao ofrecen dúas achegas que complementan estas análises. Unha sobre a educación, a cultura da paz, e a democracia. Outra sobre as fortes resistencias que a DSI atopa en USA, sobre todo, por parte de teólogos neoliberais e conserva-

dores declarados inimigos de Francisco. Un libro recente de M. Borghesi é a ocasión próxima desta última reflexión.

María Eugenia Gómez Escobar nárranos o encontro de sororidade que o pasado 11 de maio de 2024 tivo lugar no Colexio da Compañía de María en Santiago de Compostela. Máis dun cento de persoas acompañaron a María Pilar Wirtz Molezún celebrando a súa vida e dando grazas por tanto ben recibido.

A rolda de Igrexa de Manolo Regal fai un actual e exhaustivo repaso pola actualidade social, eclesial e mesmo política dos difíciles momentos que estamos a vivir.

Xunto con dúas recensión de libros recentes, asinadas por Xosé María Pin Millares e Carlos Bragado Gutiérrez, axúdanos a manternos ao día do que está a acontecer e do que se está a publicar.

Os debuxos de Soedade Pite completan un número que agardamos que vos faga reflexionar.

Pedro Castelao